

Anuncio

LICITACIÓN

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 2 de decembro de 2015, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EMULSIÓN BITUMINOSA PARA O MANTENIMENTO DE TODA A REDE DE CAMIÑOS MUNICIPAIS MEDIANTE ACORDO MARCO CON PROCEDIMENTO ABERTO.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** a subministración para a entrega de forma sucesiva e por prezo unitario de emulsión bituminosa de fabricación catiónica con rotura rápida C65B2TRG.

b) **Prazo de execución:** o prazo de execución deste contrato será de UN ANO, contado dende a data de formalización podendo prorrogarse por períodos máximos anuais máis por acordo expreso do órgano de contratación ata un máximo de TRES ANOS incluídas as prórrogas.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedimento:** aberto

4.- Tipo de licitación

a) **Orzamento máximo do Contrato:** O presuposto máximo para a primeira anualidade ascende a 70.000 euros, IVE incluído. O valor estimado do contrato tendo en conta a duración do contrato incluídas as prórrogas ascende a 173.250 euros, IVE excluído.

5.- Garantías:

a) **Provisional:** non se esixe

b) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

6. Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-86.

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.es (Zona de servizos: perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos nos pregos.

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

8.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

9.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

10.- Gastos dos anuncios: 133,38 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 9 de decembro de 2015.- A TENENTA ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 4516

OUTEIRO DE REI

*Anuncio***Aprobación definitiva do orzamento xeral para o exercicio de 2015**

En sesión celebrada o día 28 de setembro de 2015, o Pleno do Concello de Outeiro de Rei aprobou provisionalmente o orzamento xeral para o exercicio de 2015, xunto cos seus anexos, asignación de subvencións nominativas, así como as bases de execución e o cadro de persoal para dito exercicio. Dito acordó elévase a definitivo, en tanto non se presentou reclamación ou suxerencia alguna no prazo de exposición ao público.

En cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 20.3 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, publícase o resumo por capítulos do orzamento do Concello, para a súa entrada en vigor o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

ESTADO DE GASTOS

Capítulo	Denominación	Euros
	A) Operacións correntes	
1.	Gastos de persoal	1.335.277,38
2.	Gastos en bens correntes e servizos	1.778.082,33
3.	Gastos financeiros	30.000,00
4.	Transferencias correntes	100.306,50
	B) Operacións de capital	
6.	Investimentos reais	2.035.320,83
7.	Transferencias de capital	0,00
8.	Activos financeiros	0,00
9.	Pasivos financeiros	10.000,00
SUMA TOTAL GASTOS		5.288.987,04

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Denominación	Euros
	A) Operacións correntes	
1.	Impostos directos	1.060.000,00
2.	Impostos indirectos	60.000,00
3.	Taxas e outros ingresos	2.412.258,54
4.	Transferencias correntes	1.474.672,91
5.	Ingresos patrimoniais	1.000,00
	B) Operacións de capital	
6.	Alleamento de inversións reais	100.000,00
7.	Transferencias de capital	181.055,59
8.	Activos financeiros	0,00
9.	Pasivos financeiros	0,00
SUMA TOTAL INGRESOS		5.288.987,04